

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- REGULAMENTO DO ARQUIVO DO CONCELLO DE NARÓN

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- REGULAMENTO DO ARQUIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN

polos seguintes motivos: A heteroxeneidade dos documentos producidos polas Administracións públicas, os cambios derivados da incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación, a aparición de novos modelos de xestión, con sistemas mixtos dixitais e en papel, configuraron un novo escenario que demanda completar o tratamento tradicional dos arquivos cunha regulamentación de maior alcance e perspectiva. A creación dun Regulamento do Arquivo Municipal de Narón faise, pois, necesaria de cara a afrontar os retos que nos plantexa este novo escenario pero tamén para mellorar as condicións de conservación e posta a disposición dos documentos que conservamos en papel.